




PUBLICACIONES

RODRIGUEZ ROJO, Martín (1995): La educación para la paz y el interculturalismo como tema transversal.
Barcelona, Oikos-tau.

O noso amigo Martín, Coordinador do non menos amigo grupo de Educación para a paz do MRP Concejo Educativo de Castilla y León, fai nos entrega dun atractivo libro que resume a súa Tese doutoral. O autor divide o libro en cinco capítulos. No primeiro, aborda a problemática dos temas transversais, fundamentalmente a súa definición e a súa necesidade; seño embargo botamos en falta unha maior profundización didáctica no significado da transversalidade, especialmente na súa relación co currículo e mesmo as súas relacións cos outros temas transversais que non quedan claras. No segundo capítulo, a educación para a paz e o interculturalismo, aborda a necesidade da educación para a paz; o seu concepto; a súa evolución histórica; as características e dimensións e, finalmente, o interculturalismo como dimensión emerxente da educación para a paz. No terceiro capítulo, o Proxecto Educativo de Centro, plantea dúas cousas fundamentais: por unha banda, os modelos de deseño dun proxecto curricular desde un tema transversal, e, por outra, os elementos esenciais dun proxecto educativo de centro. O autor presenta aquí numerosas suxerencias e propostas que sen dúbida serán de utilidade para todas aquelas e aqueles que, a volta do verán, intentarán conxugar proxecto de centro-transversalidade. No cuarto capítulo, o Proxecto Curricular de Centro, desenvolve diversas propostas didácticas nas áreas do Coñecemento do medio natural, social e cultural; área de Educación Física; Educación artística; Língua castelá, literatura e Línguas extranxeiras e, finalmente, área de Matemáticas. No quinto e último capítulo, presentase unha unidade didáctica: "A diversidade étnica ou o home a cócos", xa publicada con outro título, "la diferencia enriquece" e que xa foi reseñada no nº 16 do NOVAPAZ; a ese número pois nos remitimos.



En definitiva, un libro necesario e útil, deste profesor humanista comprometido cunha cultura de paz. Contacto:
Oikos-Tau
Montserrat, 12-14. - 08340 VILASSAR DE MAR (Barcelona)

Cuadernos BAKEAZ


O Centro de documentación e estudos para a paz, BAKEAZ, é un organismo de carácter non gubernamental, independente e sen ánimo de lucro. Está formado por un grupo de persoas, vinculadas ós medios universitarios e pacifistas vascos, que tenta afondar no coñecemento de temas como a militarización das relacións internacionais, as políticas de seguridade, a produción e o comercio de armas, a relación entre economía e ecoloxía, ou a educación

para a paz. Conta para elo cunha biblioteca e hemeroteca especializadas, e con diferentes recursos pedagóxicos, para así aseguralo obxectivo de proporcionar información, recursos e asesoramento. Así mesmo, realiza estudos e investigacións, publica traballos propios ou alleos, organiza seminarios e cursos, e colabora cos medios de comunicación.

Precisamente no eido das publicacións, BAKEAZ edita os chamados **Cuadernos Bakeaz**, monográficos bimestrais de pequeno tamaño pero de moi interesante contido. Están xa na rúa os 7 primeiros números: "15 preguntas sobre los conflictos yugoslavos", de Carlos Taibo; "Antirracismo", de Xabier Etxeberria; "Equilibrio ecológico, crecimiento y empleo", de Roberto Bermejo; "Sobre la intolerancia y lo intolerable", de X. Etxeberria; "La ética ante la crisis ecológica", de X. Etxeberria; "Protección del medio ambiente y crecimiento económico", de Hans C. Binswanger; "El conflicto de Chechenia: una guía de urgencia", de Carlos Taibo.

Nos próximos días sairán á rúa catro novos títulos que intantan dar resposta a catro grandes retos da Educación para a paz: nº 8, "Los sustratos teóricos de la Educación para la paz", de Xesús R. Jares; nº 9, "La educación para el desarrollo", de Juan José Celorio; nº 10, "Educación antirracista e interculturalidad", de Angela da Silva; nº 11, "La educación para la paz en la reforma educativa", de Pedro Saéz. O precio é de 200 pts. exemplar, se ben nós recomendamos que vos suscribades.

A suscripción anual (6 números) é de 1200 pts. Contacto:
Bakeaz. Avda. Zuberoa, 43 - bajo. 48012, Bilbao.



Tfno.: (94) 421 37 19; fax: (94) 421 65 02
Pedidos: Directamente a Bakeaz ou a Educadores/as
pola Paz/NEG. Olga Arranz, tfno.: (986) 27 98 01

MISCH; Ann (1994): Riscos ambientais para a saúde. Unha avaliación. Bilbao, Bakeaz.

Outra das publicacións editadas por Bakeaz son os Cuadernos Worldwatch, selección dos traballos realizados polos membros do equipo investigador do Worldwatch Institute, organización norteamericana de investigación medioambiental. Os cadernos Worldwatch intentan proporcionar unha análise profunda, tanto de tipo cuantitativo como cualitativa, arredor dos principais factores que inflúen na consecución dunha sociedade sostible. Nestes momentos están no mercado dous títulos:

"Discriminación de género: un obstáculo para un desarrollo sostenible", de Jodi L. Jacobson, e "Riesgos ambientales para la salud", de Ann Misch. Deste último, que é o que reseñamos, existe a versión en galego coeditada pola Comisión de Saúde Laboral da CIG.

O libro de Ann Misch aborda os efectos da fabricación a gran escala de produtos químicos na saúde humana. Neste senso, cuestiona o mito que se ten creado da produción química como factor clave de progreso, descoidándose irresponsablemente o estudo das interaccións das substancias químicas cos seres vivos e o medio ambiente. Sen negar a necesidade de moitas substancias químicas, necesarias e beneficiosas, aboga por unha regulación en profundidade da produción química.

Entre os títulos que se anuncian, destacamos un que ten un enorme impacto no noso país, a pesca. O autor é Peter Weber, Pérdidas netas: pesca, emprego y medio ambiente marino. O seu precio é de 600 ptas, pero como no caso dos Cuadernos Bakeaz, recomendamos que vos suscribades (periodicidade trimestral). Contacto:

Bakeaz. Avda. Zuberoa, 43 - bajo. 48012, Bilbao.

Tfno.: (94) 421 37 19; fax: (94) 421 65 02

Pedidos: Directamente a Bakeaz ou a Educadores/as pola Paz/NEG. Olga Arranz, tfno.: (986) 27 98 01

SAEZ, Pedro (1995): El sur en el aula. Unidad didáctica para la solidaridad. Zaragoza, Seminario de Investigación para la Paz, Centro Pignatelli.

Fruto do seu traballo como profesor de Instituto o autor presentanos este material que combina intelixentemente a fundamentación teórica do tema co seu tratamento didáctico. Como se sinala na presentación, a publicación estruturase en tres apartados. En primeiro lugar, a contextualización histórica do conflito Norte-Sur e a presentación didáctica desde un tratamento globalizador. De forma resumida pero clara e documentada, o autor aborda aquí a definición de educación para o desenvolvemento; a evolución didáctica do termo Norte-Sur; as propostas para un modelo didáctico Norte-Sur: contidos, instrumentos, valores e actitudes; as dimensións para unha globalización didáctica Norte-Sur e, finalmente, dous modelos de

cultura escolar fronte á solidariedade.

Na segunda parte, presentase unha rica variedade de enfoques metodolóxicos e estratexias didácticas, básicamente desde a área de Xeografía, Historia e Ciencias Sociais, para abordar a realidade Norte-Sur. Presenta os diferentes tipos de contidos que se transmiten no currículo tradicional e, ao mesmo tempo, presenta os rasgos distintivos dun discurso histórico desde a solidariedade. A continuación, de forma cecais excesivamente sintética presenta unha serie de actividades e procesos transversais ligados a diversas áreas. Por último presenta unhas claves explicativas, que nós as poríamos na primeira parte, de fenómenos ligados á relación que nos ocupa.

Na terceira parte, presenta unha serie de exercicios, dinámicas, etc. que, a xeito de exemplificacións, queren operativizar didácticamente os dous puntos anteriores.

En definitiva un material realmente moi bó, e, en consecuencia, recomendable para todas as persoas que andamos a traballar estes temas ligados á educación para a paz.

As persoas interesadas na publicación deben dirixirse a:



Seminario de Investigación para la paz
Centro Pignatelli

Constitución, 6. 50008 ZARAGOZA

Tfno. (976) 21 72 17. Fax (976) 23 01 13

SEMINARIO DE INVESTIGACION PARA LA PAZ (1995): Convulsión y violencia en el mundo. Zaragoza, Diputación General de Aragón.

O activo Seminario de Investigación para la paz de Zaragoza presentanos este novo e interesante volumen, como os anteriores, no que se analizan dúas cuestións básicas. En primeiro lugar, as tendencias en materia de seguridade que se producen no mundo despois da caída da chamada guerra fría; nesta análise tense en conta tanto o que sucede alén das nosas fronteiras como de portas adentro. En ambos casos o intocable concepto de estado-nación queda en entredito. En segundo lugar, a problemática da violencia, as súas raíces psicolóxicas, culturais e sociolóxicas. No primeiro caso, as contribucións que se recollen son: "Estado, capital y sociedad civil: un problema de comunicación", de Johan Galtung; "El drama de las migraciones forzadas y de los refugiados", de Guilherme L. da Cunha; "La protección de los derechos de los extranjeros y en particular del derecho de asilo", de Fernando M. Mariño Menéndez; "Derecho internacional y posibilidades de intervención en situaciones de emergencia", de Jaime Oraá; "Los mecanismos de prevención de conflictos", de Vicenç Fisas; "La coacción mili-



antes e durante o Encontro, agradecemos a colaboración do CEFOCOP de Lugo, a xefatura de Estudos do I.F.P. de Sarria e moi especialmente do Seminario de Educación para a Paz de Chantada (Lugo).

Como en edicións anteriores, a cita anual das persoas comprometidas cunha cultura de paz en xeral e coa educación para a paz en particular, estivo aberta a todas aquelas persoas e grupos que quixeron presentar as súas experiencias, os seus materiais, etc. Os grupos representados no Encontro foron: Movemento de Obxección de Conciencia (MOC) de Galicia e Portugal; Obxectores fiscais; Mulleres de negro; Intermón; Cruz Vermella Xuventude (A Coruña); Escolas Asociadas á UNESCO; Seminario de Educación para a Paz de Chantada (Lugo); Sindicato dos Profesores do Norte de Portugal e Nova Escola Galega.

O venres, comezouse cunha sesión de xogos cooperativos á que lle seguiu a Mesa Redonda: "É o movemento do 0,7% a versión moderna do Domund?", na que interviñeron representantes de Entrepobos; COSAL; Plataforma polo 0,7% de Lugo; Oikos (Portugal) e do Consello Portugués para Paz e a cooperación (CPPC).

A mañán do Sábado, como ven sendo habitual nos últimos anos, adicouse ao tempo para a reflexión. Nesta ocasión o tema de debate era "A resposta organizativa da Educación para a Paz", que foi presentado por Xesús R. Jares (Educadores pola Paz). As cuestións prantexadas xiraron en torno aos seguintes temas: ¿en qué contexto organizativo debe desenvolverse un proxecto educativo baseado nos valores da Educación para a paz?; ¿cál debe ser a nosa resposta respecto da elaboración dos PECs; da participación; etc.?; ¿cómo afrontamos os conflitos que desde o punto de vista organizativo se producen nos centros?.

Noutro orde de cousas tamén se abordou a propia organización do movemento das/os educadoras/es pola Paz a nivel de Estado. Neste senso fíxose referencia ao documento de traballo presentado no III Congreso Estatal de Educación para a paz celebrado en Valladolid e realizado polo mesmo ponente así como á proposta de creación dunha Coordinadora estatal de educación para a Paz, á que facemos referencia neste mesmo número.

No apartado de presentación de experiencias/comunicacións hai que sinalar non só a cantidade senón a calidade das mesmas, tanto no seu contido como na súa forma de presentación. Así, neste último, hai que facer constar como cada vez se preparan mellor a presentación das experiencias: uso de retroproectores; diapositivas; vídeos; etc. As experiencias/comunicacións presentadas foron as seguintes:

- "Semana da solidariedade". Niti Fuente Lai (I.B. de Ribeira, A Coruña).
- "O Plan de escolas asociadas á UNESCO". Flora Fondevila (Pontevedra).
- "A semana dos dereitos das nenas e dos nenos". José L. González (C.P. Bergantiños. Carballo. A Coruña)
- "A Resolución de conflitos entre estudantes: Un proceso de paz na acción. Unha experiencia en San Francisco (California)". Robert Linqanti (Pontevedra).
- "Viagem a través do rostro da humanidade". Isabel Lima (O Seixal. Portugal).
- "Semana da solidariedade". Pili Aguiño (C.P. de Ribeira. A Coruña).



- "Mulleres ao longo da historia". Concepción Lorenzo Souto. (C.P. Aguiño. A Coruña).
- "A busca da paz no mundo". Ana M^a Maduro (Portugal).
- Presentación da Revista Galega de Educación. Antón Costa (Santiago).
- "Análise dos valores e actitudes nas aulas a través das actividades lectoras". M^a Montserrat Castro Rguez. e Xesús Rguez. Rguez. (Santiago).
- "Un mundo de crianças". Armindo Dias Gregorio (Lisboa).
- "Educación intercultural". M^a Nieves Pardo Díaz (A Coruña).
- "Culturas e saberes. Escola multicultural". Antonia Rosa Franco Tereso (Baixa da Banheira. Portugal).
- "Educación para a diversidade". Lili Pumariño Vilela (Lugo).

Cinco foron os obradoiros (talleres) que se fixeron simultaneamente entre a tarde do sábado (1^a sesión) e a mañá do domingo (2^a sesión):

- "Outra forma de ver. Artes plásticas". Isabel Lima. (O Seixal. Portugal)
- "Interculturalismo" Pedro Rial e Enrique (A Coruña).
- "A poesía na educación para a paz". Raquel Pérez Noche e Anxos Rguez. Mourenza (Vigo).
- "A danza creativa na cooperación e a solidariedade. Danzas Zeca". M^a Virginia Rodrigues (Lisboa).
- "Resolución de conflitos". Xesús R. Jares (Vigo-A Coruña).

Ademáis do reseñado, non faltaron os xogos cooperativos, a exposición e venda de materiais, custodiada por Olga Arranz e a festa pola paz, na que neste ano primou a grata sorpresa dos xogos e danzas que nos ensinaron Anxos Rguez. Mourenza e Raquel Pérez Noche de Educadoras pola Paz.

VALORACIONES. Tanto no plano máis "formal" na Asamblea Xeral do último día como a nivel de "pasillos" consideramos que houbo unanimidade en valorar moi positivamente a organización e resultados deste edición. Especialmente valorouse como moi positivos as novidades organizativas introducidas nesta ocasión: a presentación de experiencias/comunicacións simultáneas así como o de ter que escoller un único obradoiro (taller) para todo o Encontro. A limitación de matrícula a 150 persoas tamén se valorou positivamente. Reflexamos a continuación as intervencións habidas nesa Asamblea xeral do domingo pola mañán. Metodoloxicamente, dividimos as intervencións en tres grupos: O que nos gustou do Encontro; o que non non gustou e, en terceiro lugar, as propostas que suxerimos.

No primeiro grupo, o que nos gustou do Encontro, a primeira intervención foi a de Lilí (Lugo); que valorou moi positivamente tanto a organización das experiencias e dos obradoiros de forma simultánea e sobre todo a confraternización

tar en la resolución de conflictos", de Alberto Piris.

Da segunda cuestión, os temas desenvolvidos son: "Bases psicopatológicas de la violencia familiar, laboral y comunitaria", de Antonio Seva Díaz; "Experiencia clínica sobre los factores biológicos y psicosociales de la violencia", de Vicente Rubio Larosa; "Identidad y violencia", de José Bada Panillo; "Perspectivas sociales de la violencia", de Luis G. Betés; "La sociogénesis del varón: sendas dolorosas", de Angela López; "Factores instigadores a la violencia en los jóvenes y pistas de acción", de Luis Pinilla; "Los niños, primeras víctimas de la violencia: análisis y propuestas", de Joaquín Ruiz-giménez Cortés; "Una violencia sin respuesta", de Juan Gómez de Valenzuela.

En tódalas ponencias, como é habitual no traballo do Seminario, recóllese a síntese do debate que segue a cada unha delas. Non cabe dúbida que o traballo do Seminario constitúe desde fai anos unha das experiencias máis ricas e suxestivas do que se está a facer en Investigación para a paz en España. A seriedade coa que abordan os temas é unha constante. A presente publicación que reseñamos segue na mesma liña. Obra pois que recomendamos para estarmos o día nos temas que se tratan. As persoas interesadas na publicación deben dirixirse a:

Seminario de Investigación para la paz
Centro Pignatelli
Constitución, 6. 50008 ZARAGOZA
Tfno. (976) 21 72 17. Fax (976) 23 01 13

SEMINARIO PERMANENTE DE EDUCACIÓN PARA A PAZ: Sobre a tolerancia. Unidade didáctica nº 11.

Recentemente saíu publicada a unidade didáctica "Sobre a tolerancia", que completa unha xa longa serie de materiais educativos enfocados a dotar ós ensinantes de recursos para traballar os temas da educación para a paz e, en xeral, a educación en valores.

Escoitando a proposta da Asamblea Xeral das Nacións Unidas para declarar este ano 1995 como ano da tolerancia, esta publicación é especialmente oportuna prantexa suxeren-

tes interrogantes e reflexións críticas sobre a tolerancia no modelo de cultura occidental e noutros modelos de culturas.


A unidade preséntase como un traballo denso e ben organizado, propóndonos un longo percorrido que parte dun achegamento os conceptos de tolerancia e intolerancia a través da historia e da filosofía, para seguir analizando como formas máis graves de tolerancia moitas actitudes que son de cotío noticia: sexismo, racismo, explotación, violencia e terrorismo... Tamén pran-

texan os autores as alternativas: como traballar a educación para a tolerancia, a necesidade dunha educación ética no contexto dunha reforma que reduce as materias de tipo reflexivo ademais de expor diversas propostas contra as formas de intolerancia. A unidade contén catro capítulos adicados a ofertar ós/as educadores/as unha interesante proposta de materiais: textos de apoio con actividades sobre os mesmos, actividades e experiencias na aula adaptadas ás diferentes materias escolares e unha escolma de textos literarios e bibliografía.

En definitiva, un material que pode ser de grande utilidade para todos aqueles ensinantes que opten pola educación en valores e queiran levar á escola unha proposta colectiva dun tema que precisa ser abordado con urxencia.

As persoas interesadas nesta publicación poden solicitarla a:

Seminario Permanente de Educación para a Paz.
Rúa Pérez Constanti, 18 Baixo.
15700 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981-564300 - Fax: 981-571082



NOVAS

OBXECCION FISCAL

"Para combater as inxustizas hai que empezar por negarse a colaborar con elas".

E niso estamo-los obxeectores/as fiscais, un ano máis, á hora de facer contas con Facenda.

Na pasada campaña entregáronse 2.000.000 de ptas. ó Proxecto de promoción da obxección de conciencia no Paraguai, que serviron para axudar ó incipiente M.O.C. deste país a levar a cabo unha campaña de información para acollerse á obxección de conciencia, xa que recentemente existe esta posibilidade na súa Constitución e está en proceso de regulación.

En Galicia entregáronse 200.000 ptas. ó Proxecto dos indios Kaingang do Brasil, co que se mercaron máquinas de coser para a comunidade. Outras 200.000 ptas. destináronse a axudar ós insumisos presos e 150.000 ptas. para outros proxectos.

É a nosa intención que estes proxectos sexan financiados cos cartos que non lle entregamos ó militarismo, e para iso ten que seguir medrando a desobediencia ós gastos militares. É cuestión de todas/os deixar de colaborar cos gastos militares e promocionar proxectos que sirvan a un progreso social solidario.

O día 10 de xuño, ás 11.30 horas, na Delegación de Facenda de Vigo, haberá unha concentración para a entrega

de declaracións de obxeccións fiscais e unha marcha ciclista, con colorido militarista, reivindicativa da obxección fiscal e contra os gastos de armamento, á que estades todos/as convidados.

Ata entón.

Asemblea de Obxeectoras e Obxeectores Fiscais

CONSTITUCION DA COORDENADORA ESTATAL DE EDUCACION PARA A PAZ

O sábado 13 de maio tivo lugar en Madrid a constitución e primeira xuntanza da COORDENADORA ESTATAL DE EDUCACION PARA A PAZ. Como xa se informou no seu día, a creación desta Coordinadora foi decidida no III Congreso Estatal de Educación para a Paz celebrado en Valladolid do 25 ao 28 de febreiro de 1995. Os grupos asistentes a esta primeira xuntanza foron: Grupo de educación para la paz do MRP Concejo Educativo de Castilla y León, Valladolid; Asamblea Cooperación por la paz de Madrid; Seminario de educación para a Paz de Santiago; Entrepueblos, Madrid; Asociación Consejo Local juventud de Valladolid; grupo Amalgama de Valladolid; Redpad, Sevilla; Seminario de educación para la paz de la APDH, Madrid; Seminario de educación para la paz de Badalona; Grupo de Educación para la paz de la Fundación San Valero de Zaragoza; Centro de Investigación para la Paz

(CIP), Madrid; Escuelas Asociadas a la UNESCO de España e Educadores pola paz-Nova Escola Galega.

Nesta xuntanza abordáronse os dous obxectivos decididos no Congreso de Valladolid. En primeiro lugar, a Coordinadora como tal organizará, cada dous anos, os sucesivos congresos de educación para a paz no Estado español. Sobre este tema aprobouse que a estrutura dos Congresos será como segue: 1. Conferencias (marco ideolóxico), unha ou dúas; 2. Ponencias (debate educativo), dúas; 3. Comunicacions/experiencias (simultáneas); 4. Talleres (simultáneos); 5. Exposición/venta de materiais (con tempo real para esta actividade); 6. Dinámicas de encontro (juegos cooperativos; fiesta por la paz; ...); 7. Asamblea (evaluación del Congreso y coordinación de los grupos de la Coordinadora). Tamén se aprobou, coa abstención do Seminario de educación para a Paz de Santiago, a estrutura do Comité organizador, que estará formado polos representantes dos grupos locais que organicen o Congreso e catro persoas da Coordinadora. Con respecto ao primeiro decidiuse que o IV Congreso sexa en Zaragoza entre o 5 e 8 de decembro de 1997, e as persoas que representarán á Coordinadora en dito Comité Organizador son Martín Rguez. Rojo; Paco Cascón; Xesús R. Jares e Pamela O'Malley.

Con respecto ao segundo tema, Boletín, aprobouse que se fará unha guía bianual do quén é quén da Educación para a Paz no estado español, que se presentarían nos sucesivos Congresos. Ademais quedouse en facer unha red informática co apoio do CIP de Madrid.

Insistiuse que a Coordinadora non pretende ser unha estrutura burocrática, senón de información e conexión áxil; desvinculada de toda organización política, sindical, relixiosa ou económica; e que pretende potenciar e divulgar a Educación para a Paz no Estado español.

III ENCONTRO GALEGO DE EDUCADORES POR UN MUNDO SOLIDARIO

Organizado por INTERMON Galicia, terá lugar o día 3 de xuño en Santiago, na Résidencia Monte da Condesa, co seguinte programa: ás 10 da mañá charla-coloquio sobre "A educación para o desenvolvemento nas escolas galegas". As 11,30 h. presentación de experiencias sobre o lema "Ponte en marcha coa poboación refuxiada do mundo". A partir das 13 h. terá lugar a exposición do Premio Intermón Secundaria. Pola tarde haberá xuntanzas por niveis para valorar a campaña de Intermón deste ano e a partir das 17,30 h. presentación da campaña do curso 95-96. As persoas interesadas poden inscribirse pagando unha cuota de 1000 pts. Información: INTERMON. R/Salvador de Madariaga, 45 baixo. 15008 A CORUÑA. Tfno: (981) 10 54 44 (De 4 a 7 da tarde).

I XORNADAS SOBRE TRANSVERSALIDADE: PAZ, MEDIO AMBIENTE, CONSUMO.

Organizadas polo CEFOCOP da Coruña, terán lugar entre o 5 e o 8 de xuño estas I Xornadas sobre transversalidade: paz, medio ambiente, consumo. O programa estruturase en Conferencias; Obradoiros e presentación de comunicacions. As Conferencias son: "A Educación ambiental no sistema educativo", por José A. Caride; "O consumo vai á escola", por

Luis M^a Alvarez; "Un modelo crítico e solidario de educación para a Paz", por Xesús R. Jares. Os obradoiros son: "Elaboración de materiais con papel reciclado", por Quico da Silva; "Xogos cooperativos", por Pedro Cuadrado de Educadores pola Paz-Nova Escola Galega; "Resolución de conflictos", por Xesús R. Jares; "Traballo con aditivos", por Ramiro del Río; "Obradoiro de publicidade", por Luis M^a Alvarez; "Os xogos na educación ambiental", por Pablo Meira; "Os residuos", por Xacobe Meléndez de CEM.

Desde Educadores pola Paz-Nova Escola Galega, desexamos que esta cita se consolide e pase a ser unha referencia estable na Coruña. Información CEFOCOP da Coruña. Tfns. (981) 29 06 88 e 29 07 47.

PREMIO DE ENSAIO BREVE SOBRE EDUCACION

O Coordinador de Educadores pola Paz-Nova Escola Galega, Xesús R. Jares, foi o gañador deste prestixioso Premio que convoca anualmente a Fundación Hogar del Empleado de Madrid (FUHEM), que entre outras actividades financia o coñecido Centro de Investigación para a Paz (CIP). Nesta edición o tema do Concurso era "Enseñanza transversales, si, pero ¿cómo?", e resultou gañador por unanimidade do xurado, entre máis de trinta traballos de todo o Estado, o titulado "Temas transversales, curriculum y práctica escolar. Reflexiones y sugerencias desde y para la acción". O traballo estruturase en dúas partes. A primeira versa sobre a transversalidade, na que se expoñen unha serie de exemplos e características básicas dos temas transversais. Na segunda parte, abórdase o tema central do traballo, o cómo levalo á práctica, respondendo a esa pregunta nas tres dimensións ou ámbitos de concreción da educación institucional: sistema educativo, centro escolar e aula.

Para máis información: FUHEM. C/ Alcalá 117, 6º dcha. 28009 MADRID. Tfno.: (91) 431 02 80.

PRESOS POLITICOS EN ARXENTINA

O grupo EDUCADORES POLA PAZ de NOVA ESCOLA GALEGA asinou, xunto con organizacións sindicais, políticas, sociais, etc., o seguinte texto de solidariedade:

Sr. Presidente de la República de Argentina D. Carlos Saúl Ménen

Os abaixo asinantes en representación de Partidos Políticos, Sindicatos, ONG's, e persoalidades de Galicia queren solicitarlle ó Sr. Presidente da República Arxentina, D. Carlos Saúl Ménen, que se poña en liberdade ó preso político, Joaquín Ramos, de orixe galega, Luis Ramos, de orixe canaria, e Frei Puigjané, de orixe catalana, así como ós representantes xoves detidos polos dramáticos sucesos de Tablada, e que levan xa seis anos de condena nos distintos cárceres arxentinos.

Creemos inxusto que namentras os asasiños de máis de trinta mil cidadáns, permanecen impunes atopándose en liberdade, estes xoves aínda permanezan no cárcere, perdendo os mellores anos das súas vidas.

Sabendo da súa sensibilidade humana, xa que Vostede mesmo padeceu a persecución e o cárcere, solicitámoslle que realice un acto de humanismo e grandeza, amnistiando a tódolos presos políticos.

IX ENCONTRO GALEGO E II GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORES/AS POLA PAZ

No fin de semana do 28 ao 30 de abril de 1995 celebramos en Sarria (Lugo) o IX ENCONTRO GALEGO E II GALEGO-PORTUGUES DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ.

Como na edición anterior estivo organizado polo Grupo Educadores pola Paz de Nova Escola Galega e o Movimento dos Educadores para a Paz de Portugal (MEP). Como se fixo

que se vive nos Encontros. Fátima (Amadora) sinalou que, dos cinco que leva asistindo este foi o ano que máis lle gustou debido ao expresado anteriormente, ter máis tempo e menos canso o programa. Tamén gustou moito dos novos xogos. Pilar (Lisboa) destacou no que máis lle gustou o desenfado e a participación dos asistentes. Tamén a presentación simultánea de experiencias. Luis (Pontevedra) sinalou os obradoiros como o que máis lle gustara. Lourdes (Vigo) resaltou tres cousas: o coñecer persoas de distintos lugares; a convivencia cos portugueses e a sensación "chachi" que tiña a nivel persoal. Mila (Amadora) destacou o ben que estaban instalados; o nº de persoas, considerou que o ano pasado en Lisboa fóramos demasiadas persoas; a presentación de experiencias simultáneas, que facilitou non só menos agobio do programa senón tamén maior participación nas experiencias. Tamén resaltou o contacto galego-portugués. Nieves (A Coruña) felicitou á organización, valorando moi positivamente os cambios organizativos introducidos e o ambiente tan positivo nas relacións interpersonais. Pedro (Vigo) valorou moi positivamente o salto cuantitativo e cualitativo que se dera este ano co contido das carpetas. En definitiva había consenso en sinalar como aspectos positivos e que fan do Encontro algo totalmente diferente a outro tipo de convocatorias: o ambiente de comunicación que se consegue entre os asistentes; levar á práctica os principios da Educación para a Paz, como sinalou Robert Linquanti (USA-Pontevedra); o contacto galego-portugués, como algo específico do Encontro; a presentación simultánea tanto das experiencias/comunicacións como dos obradoiros; a propia calidade das experiencias e dos obradoiros presentados, moi ben valorados polos asistentes; o equilibrio no reparto de tempos entre os momentos para a reflexión, a práctica e a convivencia (facermos do encontro un auténtico encontro).

No segundo turno de intervencións, o que non non gustou, Nieves (A Coruña), sinalou a Festa pola Paz; votou en falta o estarmos todos xuntos e que a festa ía a menos. Pilar (Lisboa) o tempo morto entre o remate da cea e o comezo da obra de teatro. Ademais considerou que o teatro rompeu o que era a Festa pola paz. Anxos (Vigo), entende que o sucedido o ano pasado si rompeu o grupo e o que pretende ser a Festa pola Paz. Neste senso pensa que se adecúa mellor os sitios pequenos que as grandes cidades. Tosé (Portugal) botou en falta persoas que non viñeron este ano ao Encontro e a falta das cancións na Festa pola Paz.

No terceiro turno de intervencións, propostas, Nieves

(A Coruña) propón facer a Festa o primeiro día para facilitar a comunicación entre os asistentes. Anxos (Vigo), entende que a opción de facer a festa o venres é moi precipitada e podería hipotecar o traballo do día seguinte. Pili (Santiago) que haxa tempo para o café. Lili (Lugo) que se faga en sitios pequenos e bonitos e sen discoteca. M^a José (Illa de Arousa) felicitou á organización e comentou que era a primeira vez que viña e que para ela foi unha sorpresa moi agradable. Sen embargo, o primeiro día sentiuse un pouco descolgada. Propón por elo facer uns xogos, non a festa, despois da cea do venres. Quique (A Coruña) propón que se busquen outro tipo de establecementos menos luxosos, tipo albergues, e contemplar aos vexetarianos nas comidas. Pilar (Lisboa) propón que para os actos en gran grupo que se consiga unha megafonía; en segundo lugar que haxa unha continuidade nos obradoiros; rexistrar a avaliación do Encontro e, en cuarto lugar, propón un obradoiro para o ano que ven: un obradoiro específico sobre xogos cooperativos no que se conxugue a práctica coa teoría. Carmen entende que a obra de teatro foi un problema organizativo non do grupo teatral e que debería aproveitarse para facer debates, etc. Maira tampouco é partidaria de Hoteis. Pili (Santiago) suscribe as intervencións de Maira e Quique. Antón (Santiago), propón facer máis consciente ao entorno onde se fai o Encontro. Considera que debería haber maior osmose entre o Encontro e o entorno onde se fai, e máis particularmente cos ensinantes de Sarria. Suso (Vigo-A Coruña), comenta os problemas organizativos que ocasionou o grupo de teatro; considera necesario recuperar o rexistro avaliador do Encontro e fai mención aos intentos fallidos cos ensinantes de Sarria. Tomou a palabra Román (Xefe de estudos do IFP de Sarria) para explicar a súa visión de por qué era o único representante dos 150 profesores/as que imparten clases en Sarria, facendo fincapé no problemático que é a zona. Finalmente Suso fixo uso da palabra para agradecer en nome da organización a asistencia, o traballo e o afecto vivido. Fixo un chamamento para profundizar, no futuro inmediato, na consolidación da colaboración galego-portuguesa. Deu a palabra a Daniel (Porto) para que presentase a realización do próximo Encontro que será organizado polos compañeiros/as do Porto. O tema de debate que propoñen é o do multiculturalismo. Estades, pois, desde xa convocados a preparar e participar no X ENCONTRO GALEGO E II GALEGO-PORTUGUES DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ a celebrar no Norte de Portugal.



PAPEL RECICLADO

A NOSA CONTRIBUCION A DEFENSA DO MEDIO AMBIENTE



EDUCADORES/AS POLA PAZ

Apartado 577 - VIGO
(Pontevedra)

Dep. Legal: Vg. -457 -90

Imprime: FEITO, S.L. Hernán Cortés, 13-15 Int. - VIGO

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

